

NON AOS DESPEDIMENTOS EN EROSKI

- Sabía Vde. que o persoal que está hoxe traballando nesta pomposa inauguración iniciou a súa xornada laboral ás 8:15 da mañá, até as 15:05. Ás 18:00 volveron entrar, quizais ás 21:00 rematen (ninguén lles confirmou a hora de saída), e nese momento aínda terán que ir á tenda antiga realiza-lo inventario?
- Sabía Vde. que as traballadoras non se negan nin se atreven a protestar por medo a sancións ou despedimentos?
- Sabía Vde. que EROSKI, a pesar de estar en plena expansión en Galiza, despide impunemente aos traballadores?.
- Sabía Vde. que EROSKI, a pesar de acumular beneficios millonarios en Galiza, mantén uns salarios inferiores aos da competencia (que xa son moi baixos)?
- Sabía Vde. que EROSKI, que presume de empresa aberta e moderna no estado, en Galiza aplica unha política de recursos humanos inflexible e autoritaria?
- Sabía Vde. que para poder concilia-la vida laboral e familiar en EROSKI, as traballadoras están obrigadas a denuncia-la empresa?
- Sabía Vde. que en EROSKI sancionan as traballadoras que non se deixan move-los horarios ao antollo da empresa?
- Sabía Vde. que EROSKI-Familia, a pesar de estarlle ganando cota de mercado continuamente á competencia, este ano só vai subi-los salarios un 1%, mentres o resto do sector vaino facer por riba do 3'5%?
- Sabía Vde. que os traballadores de EROSKI-Familia, ano a ano nos imos afastando máis das condicións laborais dos nosos compañeiros de sector?
- Sabía Vde. que o obxectivo principal do departamento de Recursos Humanos de EROSKI en Galiza e eliminar a presenza dos sindicatos que non asinan o penoso convenio estatal?
- Sabía Vde., en fin, que os cartos que non se gastan en salarios os utilizan para paga-los despedimentos improcedentes?